

VI. ANUNCIOS

A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

PORTOS DE GALICIA

ACORDO do 20 de setembro de 2011, da Zona Centro, polo que se somete a información pública a solicitude presentada por Algafrés, S.L. de nova concesión administrativa de ocupación de terreos de dominio público portuario do porto de Sada para o desenvolvemento de tecnoloxías de cultivo intensivo en suspensión de macroalgas mariñas de interese industrial (expediente 12-13-11-C-10).

Algafrés, S.L. solicita a concesión administrativa de terreos de dominio público portuario do porto de Sada para o desenvolvemento de tecnoloxías de cultivo intensivo en suspensión de macroalgas mariñas de interese industrial segundo o proxecto para a instalación de planta piloto para o desenvolvemento de tecnoloxía de cultivo intensivo en suspensión de macroalgas de interese industrial, redactado polo enxeñeiro técnico industrial Jesús Doval García.

O que se fai público para os efectos previstos no artigo 110 da Lei 48/2003, do 26 de novembro, de réxime económico e de prestación de servizos dos portos de interese xeral (BOE núm. 284, do 27 de novembro), para que as persoas e entidades interesadas poidan examinar o expediente e presentar por escrito as alegacións que consideren oportunas nas oficinas da Zona Centro de Portos de Galicia, sitas na rúa Alférez Provisional, 5-1.º, 15006 A Coruña, no prazo de vinte (20) días hábiles, contados a partir do seguinte ao de publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*. A documentación está á disposición na web www.portosdegalicia.com.

A Coruña, 20 de setembro de 2011.

Lorena Solana Barjacoba
Enxeñeira xefa da Zona Centro de Portos de Galicia